



XUNTA
DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL DE
RELACIÓNS EXTERIORES
E COA UNIÓN EUROPEA



COOPERACIÓN
GALEGA



FOLLA DE RUTA PARA A INTEGRACIÓN DO ENFOQUE DE XÉNERO E AXENDA FEMINISTA NA COOPERACIÓN GALEGA

Entidade solicitante: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
(DXRREE e coa UE). Xunta de Galicia

Consultora: Estrella Ramil Paz
paz.estrella@gmail.com
Tf. +34 664102685

Outubro 2024

INDICE

1.	INTRODUCCIÓN	4
2.	METODOLOXÍA UTILIZADA.....	4
3.	CONTEXTO E ENCUADRE POLITICO NO QUE SE SITÚA A ELABORACIÓN DA FOLLA DE RUTA	5
4.	FOLLA DE RUTA PARA INTEGRACIÓN DO ENFOQUE DE XÉNERO E AXENDA FEMINISTA NA COOPERACIÓN GALEGA	7
4.1.	Estadio no que se encontra a política da cooperación galega	7
4.2.	Marco de referencia no que se encadra a presente folla de ruta e obxectivos	7
4.3.	Folla de ruta	9
5.	RECOMENDACIÓNS PARA A SXCE	19
	ANEXOS	20
	ANEXO 1. RECOMENDACIÓNS XURDIDAS DO DIAGNÓSTICO PARA A CONSTRUCCIÓN DA FOLLA DE RUTA.....	20
	ANEXO 2. LISTADO ENTIDADES PARTICIPANTES.....	23
	ANEXO 3 . REFLEXIÓNS E PREGUNTAS XERADORAS PARA OS DEBATES INTERNOS (SXCE, CGONGD, OOAA)	25

LISTADO DE SIGLAS E ACRÓNIMOS

AE	Ámbito estratéxico
AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AH	Acción humanitaria
AOD	Axuda Oficial ao Desenvolvemento
CAD	Comité de Axuda ao Desenvolvemento
CCAA	Comunidades Autónomas
CE	Cooperación Española
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
CRS	Códigos de Reporte da Axuda
DXRREE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores
EGAEX	Estratexia Galega de Acción Exterior
EF	Enfoque feminista
EX	Enfoque de Xénero
EpD – CG	Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global
GED	Enfoque Xénero no desenvolvemento (polas súas siglas en castelán)
MED	Enfoque Mulleres no Desenvolvemento (polas súas siglas en castelán)
ODS	Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
ONGD	Organización non governamental de desenvolvemento
ONU	Organización das Nacións Unidas
OOAA	Outros Axentes
PD	Plan Director
PE	Proxectos no exterior
SXCE	Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
TdR	Termos de Referencia
UE	Unión Europea

1. INTRODUCCIÓN

A presente folla de ruta encádrase no marco de implementación do V Plan Director da Cooperación Galega (2023-2026) que contempla como un dos seus ámbitos estratéxicos: *"Impulsar a igualdade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións; e como prioridade transversal a igualdade de xénero, co fin de que as actuacións e os instrumentos da cooperación galega integren de forma sistémica a perspectiva de xénero"*.

No marco deste compromiso adquirido formalmente e en busca de gañar en coherencia e complementariedade coa política española de cooperación, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (SXCE en diante), como responsable principal da política de Cooperación para o Desenvolvemento dentro da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea (en diante DXRREE e coa UE), solicitou a realización dun Diagnóstico sobre a Integración do Enfoque de Xénero e Axenda Feminista na Cooperación Galega e consecuente folla de ruta que marque a estratexia a seguir nos próximos anos de implementación do actual Plan Director (VPD).

O diagnóstico, presentado no mes de xuño do ano en curso, permitiunos contar cunha análise e estado de situación sobre a integración de enfoque de xénero e feminista na cooperación galega. A análise comprendía o estado da situación entre os anos 2021 a 2023. A partir dos resultados obtidos no mesmo, elaborouse de forma participativa a presente folla de ruta que pretende guiar as liñas estratéxicas e accións a realizar no período de tempo antes citado, así como unha serie de recomendacións para o futuro.

A elaboración da folla de ruta contou coa participación directa do equipo da SXCE e unha representación importante de ONGD e OAAA que conforman o sector (ver en Anexo 1 Listado de participantes) que puxeron ao dispor tempo e coñecementos para que este exercicio fose posible.

Esperamos que a presente folla de ruta axude a avanzar cara unha cooperación galega máis adaptada aos tempos que corren, sen esquecer a diversidade e diferentes momentos evolutivos dos distintos axentes.

Recoméndase que a lectura desta folla de ruta fágase acompañada do informe de diagnóstico, xa que permitirá comprender mellor o punto de partida de cada un dos compoñentes que se propoñen traballar na mesma. Mesmo así recolleemos neste documento o punto relativo ao contexto político no que se sitúa este exercicio e a principal constatación sobre o estado da situación da cooperación galega, para unha maior comprensión da proposta.

2. METODOLOXÍA UTILIZADA

Unha vez elaborado o *Diagnóstico* fixéronse dúas sesións de presentación dos resultados, unha para todo o persoal da SXCE e outra para o conxunto de entidades, interesadas, que conforman o sector. Estas sesións, seguidas de debates coas persoas participantes, permitiron recoller as principais preocupacións e desafíos para elaborar unha folla de ruta realista e adaptada ao conxunto de entidades que conforman o sector.

Tendo en conta isto, foi elaborado un documento con reflexións e preguntas que permitiran á propia SXCE e ás entidades debater, a nivel interno entre elas, por grupo de entidades (equipo da SXCE por un lado; entidades da coordinadora de ONGDs por outro; e outros axentes por outro) sobre aquelas cuestións de

maior peso que poderían xerar maior controversia en torno ás seguintes cuestións: opción de estratexia a seguir, orzamentos e prioridades, revisión/deseño de instrumentos e creación de capacidades feministas (ver en Anexo 3). Cos resultados dos seus debates internos, realizouse unha primeira sesión presencial o 23 de setembro onde se puxeron en común as propostas de cada grupo, debatéronse e argumentaron aquelas cuestións onde se daban maiores diferencias e acordáronse as medidas necesarias para deseñar as liñas estratéxicas e accións a seguir.

A partir deste exercicio, a consultora elaborou unha proposta de folla de ruta que foi traballada, consensuada e completada de forma participativa nunha segunda sesión presencial realizada o día 30 de setembro de 2024.

Todo o proceso foi realizado con carácter formativo, compartindo diversos saberes en torno aos enfoques de xénero e feminista-tal como se están realizando en outros territorios- e ofrecendo datos de interese que axudan na toma de decisións.

3. CONTEXTO E ENCUADRE POLITICO NO QUE SE SITÚA A ELABORACIÓN DA FOLLA DE RUTA

Para poder enmarcar e extraer conclusións desde un punto de vista feminista e de xénero, necesitamos enmarcar o presente exercicio no actual contexto mundial e no contexto específico da cooperación española, no relativo aos debates actuais sobre xénero e enfoque feminista nas políticas públicas de cooperación.

O modelo de desenvolvemento e os principios e modalidades da cooperación internacional, como instrumento do devandito desenvolvemento, están máis cuestionados que nunca. Non é por acaso que nos atopamos ante unha crise sistémica sen precedentes a nivel mundial. A pandemia do COVID 19, a crise climática, a crise dos coidados e os 56 conflitos armados que afrontamos como humanidade nesta etapa histórica son algunhas das manifestacións do fracaso deste modelo.

Os principais efectos desta crise afectan principalmente as poboacións máis vulnerables ás que se adoita dirixir o exercicio da cooperación. Por primeira vez desde que hai rexistros, en 2020 e 2021 o Índice de Desenvolvemento Humano descendeu, a nivel mundial, durante dous anos seguidos (tendencia que xa precedía á pandemia do COVID), dificultando o cumprimento dos ODS para 2030¹. Pola súa vez, ningún dos indicadores do ODS5 alcanzou a meta ou está en vías de alcanzala en 2030, só 2 indicadores están “preto da meta”, 8 atópanse moderadamente canalizados e 4 están lonxe ou moi lonxe de alcanzala, segundo o informe de progreso de cumprimento dos ODS de ONU Mujeres de 2023².

O mesmo informe apunta a que a resistencia activa contra a igualdade de xénero e a desinversión crónica son factores clave da lentitude do progreso e dos retrocesos nas conquistas logradas outrora. Así mesmo, apunta a que existe un abismo entre as leis e políticas para igualdade de xénero e os orzamentos asignados para a súa implementación (Meta 5.c.)

Por outro lado, as deficiencias na transversalidade de xénero nos outros ODS deixan datos como os dous seguintes, por mencionar algúns: 1 de cada 4 mulleres e nenas experimenten inseguridade alimentaria

¹ ONU (2022) Índice de Desarrollo Humano

² ONU Mujeres (2023). El progreso en el cumplimiento de los Objetivos de Desarrollo Sostenible. Panorama de Género

moderada ou grave (ODS2); o progreso na redución das taxas de mortalidade materna detívose a partir de 2015 (ODS 3).

A esta situación únese o actual contexto de ameaza que supón para as mulleres, colectivos LGTBIQ+ e poboación migrada o auxe de movementos antidereitos en todo o mundo e a incerteza de non saber si os temas da axenda feminista formarán parte nas prioridades da Cume do Futuro que está tendo lugar no momento da elaboración da presente folla de ruta e onde se marcarán as prioridades da axenda mundial de desenvolvemento para os seguintes anos.

No medio deste contexto, os movementos sociais máis activos (feministas, indíxenas, campesiños, ecoloxistas, LGTBIQ+...) están xerando respostas, alternativas e accións que cuestionan o modelo de desenvolvemento imperante. Estas novas respostas dan lugar á incorporación do enfoque feminista na cooperación co obxectivo de dar un paso máis ás desigualdades de xénero existentes e aos retrocesos que se están vivindo a nivel mundial.

A operativización deste novo paradigma aínda está en debate. Seguimos usando as categorías de análise que manexabamos ata o momento, pero sabemos da necesidade de abrírnos a outras novas categorías que os diversos feminismos están colocando (antirracismo, descolonialidade, interseccionalidade...), algunhas das cales xa están entrando a formar parte da axenda da cooperación (coidados, ecofeminismo, economía feminista,...). Igualmente esta proposta de cambio, en construción, ilustra o feito de estar a cabalo entre dúas modalidades de intervención: o legado de Beijing, coa súa estratexia dual de *mainstreaming* de xénero e apoderamento de mulleres, cuxo fracaso no século anterior foi froito da falta de vontade política e o mal uso e comprensión que se fixo desta proposta, pero que segue sendo unha estratexia moi adecuada para enmarcar unha política pública de cooperación; e a acción política transformadora das múltiples “resistencia” feministas que están a xurdir neste período tan convulso no que nos atopamos. Dito doutro xeito, nos debatemos entre: un horizonte de igualdade e apoderamento de mulleres, para o que se definiu a estratexia de *mainstreaming* como instrumento para alcanzalo; e un horizonte de cambio do modelo mesmo de desenvolvemento e dos sistemas que o sosteñen, a partir de propostas feministas “situadas en diferentes contextos” e cuxos posicionamentos van máis aló do paradigma da igualdade.

Ante todas estas cuestións de calado, cabe pensar no lugar de responsabilidade que debe ocupar unha cooperación que camiña cara un enfoque feminista, tal como marca o actual Plan Director da Cooperación Galega e a propia Lei de Igualdade de Galicia de 2023, e non menos importante, no papel que a propia SXCE e os actores que conforman o sector galego de cooperación queren xogar para que isto sexa posible.

Será á luz deste contexto e a partir dos resultados do diagnóstico, onde propoñeremos esta folla de ruta e unha serie de recomendacións que permitan avanzar de forma valente pero realista cara a un enfoque feminista.

4. FOLLA DE RUTA PARA INTEGRACIÓN DO ENFOQUE DE XÉNERO E AXENDA FEMINISTA NA COOPERACIÓN GALEGA

4.1. Estadio no que se encontra a política da cooperación galega

No diagnóstico realizado constatouse que a política galega de cooperación, en relación á aplicación da perspectiva de xénero, aínda está nun estadio de **política xénero sensitiva ou inclusiva**³, sendo ademais que no actual PD a aposta pola igualdade de xénero tan só se centra no ámbito 3 “*Impulsar a equidade de xénero e o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia*”, pero lonxe aínda de integrar esta perspectiva nos outros ámbitos de intervención.

Por outro lado, o mapa de actores que conforman o sector mostra unha gran heteroxeneidade en termos de integración de cultura feminista e boas prácticas en relación ás cuestións de xénero, podendo dicir que a maioría son sensíbeis ás cuestións de xénero e un número importante de entidades, principalmente ONGD, están avanzando-neste últimos anos- nas súas políticas e traxectorias internas. Con todo, aínda falta moito por facer en termos de cambios na cultura organizacional e na construción de capacidades políticas e técnicas, o que finalmente conleva que os proxectos contén con deficiencias importantes en termos de xénero e integración de axenda feminista.

O adecuado, por tanto, é pasar dunha política xénero sensitiva a unha política con enfoque de xénero transformador (dentro do paradigma da igualdade impulsado en convencións internacionais como Beijing) e ao mesmo tempo crear algún instrumento e algunhas medidas nos próximos 2 anos de PD que abran a porta á inclusión dun enfoque feminista máis adaptado ao século XXI. Para este propósito elaboráronse unha serie de recomendacións, incluídas no diagnóstico e presentadas como Anexo 2 nesta folla de ruta, que permitisen avanzar neste sentido.

Unha vez realizada a folla de ruta de forma participativa e, tendo en conta que os tempos para a finalización do o actual Plan Director límitase a 2 anos, decidiuse avanzar tan só en algunhas das recomendacións propostas, en especial naquelas que permitan empezar a “dar sustento” a unha cooperación que empece a abrazar aos feminismos na súa axenda.

As políticas e tendencias actuais da cooperación no estado español e a vontade de todas as entidades do sector, proclives a dar pasos valentes e precisos cara ao desenvolvemento do enfoque feminista da cooperación, son dous elementos altamente favorables que deben aproveitarse como oportunidades para avanzar, así como tamén a propia política galega como se recolle na EGAEX e na Lei 7/2023 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes de Galicia (Capítulo VIII Igualdade de xénero na acción exterior e na cooperación para o desenvolvemento).

4.2. Marco de referencia no que se encadra a presente folla de ruta e obxectivos

O marco de referencia sobre o cal traballar a presente folla de ruta é, por un lado, a estratexia dual suxerida en Beijing, que é seguida maioritariamente tanto pola AECID como polo resto de cooperacións autonómicas que xa contan con estratexias de xénero (Euskadi, Cataluña, Asturias, ...) e, por outro lado, o compromiso de dar un paso a fronte no relativo ao apoio de organizacións feministas e de mulleres. Este último compoñente considerase clave na posta en marcha dunha política con enfoque feminista.

³ Para unha maior comprensión sobre o significado dos diferentes tipos de políticas de xénero e o estadio no que se encontra a actual política galega de cooperación, véxase o apartado 5 do diagnóstico que acompaña á presente folla de ruta.

Desta forma, a presente folla de ruta pretende marcar o camiño para reforzar a perspectiva de xénero, tendo en conta os ritmos e capacidades actuais do sector, ao tempo que inclúe accións que permitan ir dando pasos cara un enfoque feminista da política galega de cooperación, máis adaptado ás tendencias actuais da cooperación. Para lograr avanzar nisto, as principais liñas a incluír na folla de ruta son as seguintes:

- Fomentar o apoio ás organizacións feministas e de mulleres que defenden os seus dereitos, reservando un 20% de orzamento para o apoio das mesmas na convocatoria de PE
- Avanzar cara a transversalización real da perspectiva de xénero en todos os ámbitos estratéxicos da política e en todos os tipos de actuacións. Para isto decídese comezar a traballar progresivamente en 2 eidos:
 - a. Instrumentos
 - b. Construción de capacidades feministas políticas e técnicas (incluíndo o antirracismo como elemento esencial do enfoque feminista) e traballo ao interno das organizacións (cultura organizacional). Polo momento nesta primeira folla de ruta descártase abrir unha liña específica para o fortalecemento de capacidades e cambio organizacional das entidades, dado que esta posibilidade está presente na convocatoria anual de ED-CG, onde ademais farase máis visible. Con todo, propónse estudar a inclusión destes procesos nas baremacións das entidades, as súas socias locais e/ou a posibilidade de incluílo nos proxectos (como parte do fortalecemento institucional) como factor positivo de valoración. Pola súa parte a CGONGD, no marco do convenio anual coa SXCE, prevé desenvolver sesións formativas- reflexivas sobre asuntos relacionados a esta temática como elemento clave da construción de capacidades.
- Promover a cultura de aprendizaxe, avaliación e rendición de contas, como medida complementaria ao proceso de construción colectiva de capacidades feministas no sector. Dicir igualmente que a rendición de contas, desde un enfoque feminista, non está pensada en clave financiador, se non dirixida ás mulleres, nenas e poboacións que sofren opresións.

Recollendo as palabras dunha das entidades participantes, trátase dunha dinámica de *“tirar e empuxar”*, de modo que a política inclúa factores que *“tiren”* para dar pasos a fronte (revisión de instrumentos, baremacións,...)⁴ ao tempo que *“empuxa”* con accións que permitan mellorar as capacidades para asumir os cambios propostos (formacións, acompañamento progresivo no tempo).

Os obxectivos últimos desta folla de ruta son os seguintes:

- Crear medidas compensatorias (equidade) e adaptarse aos acordos a nivel internacional e estatal sobre igualdade, dereitos das mulleres e *“feministización”* do sector
- Dar pasos na uniformización das capacidades políticas e técnicas do sector.
- Revisar os instrumentos como forma de incentivar os avances en materia de xénero e enfoque feminista, seguindo criterios de escalabilidade (por sector, axendas,...)
- Concienciar de non quedarse atrás: marcar horizontes temporais para as entidades e socias de cumprimento da Lei de Igualdade, SXCE, etc.
- Marcar os pasos para a construción dun futuro marco de referencia e estratexia, de forma

⁴ Ter en conta que a esixibilidade por parte da política debería vir marcada tanto polos documentos declarativos da mesma como pola propia Lei 7/2023 de Igualdade entre mulleres e homes (Capítulo VIII). Isto tamén se considera un factor que axuda a aquelas entidades que, de algunha maneira, demostran aínda algunha resistencias ao cambio ou que, por diversos motivos, aínda non consideran que o trato das desigualdades por motivos de xénero e outros factores de opresión sexa unha prioridade, algo que xa non debe ser admitido nas accións realizadas con fondos públicos.

colectiva e participativa a partir das capacidades creadas nos próximos 2 anos que permitan seguir avanzando na construción do enfoque feminista

4.3. Folla de ruta

A continuación preséntase unha táboa que recolle as 3 liñas estratéxicas mencionadas coas súas compoñentes, accións, calendarización, responsables pola implementación e indicadores ou medidas de seguimento.

LIÑAS ESTRATÉXICAS, COMPOÑENTES, ACCIÓNS, CALENDARIO, RESPONSABLES E INDICADORES DE SEGUIMENTO

Liña Estratéxica 1. Apoio a organizacións feministas e de mulleres que defenden os seus dereitos (incluíndo o seu fortalecemento) ⁵				
COMPOÑENTES (QUÉ?)	ACCIÓNS (CÓMO?)	TEMPOS (CANDO?)	RESPONSABLES	INDICADORES E/OU MEDIDAS DE SEGUIMENTO
1.Revisión dos instrumentos e aplicación orzamentaria	1.1.Abrir unha liña específica na convocatoria de PE, reservando un mínimo de 20% de orzamento para esta liña podendo ser aplicada e n todos os ámbitos de PE ⁶	Convocatoria PE 2025 en diante	SXCE	- % dedicado cada ano a esta liña - Número de proxectos presentados e número de proxectos aprobados
	1.2.Definir, de forma participativa, criterios claros para as fichas de baremación relativas ás entidades solicitantes, entidades socias e os proxectos (estudar criterios usados noutras CCAA que xa foron testados, adaptalos e/ou actualizalos, incluíndo a revisión de gastos subvencionables na liña de funcionamento en terreo)	Novembro 2024- Xaneiro 2025	SXCE, CGONGD e socias locais (estas serán consultadas polas propias entidades para efectos desta convocatoria)	- Antes da convocatoria 2025 cóntase cunha ficha específica de baremación para esta liña - Revisado – si necesario- o formulario actual para adaptarse aos criterios de baremación
	1.3.Estudar en conxunto con organizacións socias feministas, posibles formatos mais flexibles de formularios e rendición de contas (avaliacións)	No período entre as convocatorias de 2026 e 2027	SXCE, CGONGD e socias locais	- Propostas realizadas sobre formatos mais flexibles e adaptados ao contexto actual antes da convocatoria de 2027

⁵ Enténdese por organizacións feministas aquelas que nos seus documentos principais auto denomínanse feministas e contan con axendas que defenden os intereses estratéxicos e dereitos das mulleres en toda a súa diversidade e/ou outras cuestións relacionadas ás relacións de poder por motivos de xénero. Inclúense os colectivos de mulleres, que, sen chamarse feministas, integran nos seus obxectivos e/ou liñas de traballo accións orientadas á diminución da brecha das desigualdades de xénero, o apoderamento das mulleres, a defensa dos seus dereitos e territorios. Inclúese tamén ás redes feministas que cumpran cos criterios de elixibilidade.

⁶ Igualmente farase unha estimación a partir de proxectos destas características presentados nas 3 últimas convocatorias para axustar mellor esta porcentaxe en caso necesario.

COMPOÑENTES (QUÉ?)	ACCIÓNES (CÓMO?)	TEMPOS (CANDO?)	RESPONSABLES	INDICADORES E/OU MEDIDAS DE SEGUIMIENTO
	1.4.Continuar dando apoio aos programas singulares sobre axenda feminista (programa defensoras, convenios con fondos do Pacto de Estado ...)	Convenios 2025 en adiante	SXCE	- Número de programas singulares aprobados - % de programas singulares dedicados a organizacións ou axenda feminista en relación ao total de programas aprobados de cooperación directa - % de programas singulares xestionados por organizacións feministas ou colectivos de mulleres que defenden os seus dereitos
2. Fomento da participación e traballo en rede con organizacións feministas	2.1.Intercambios de experiencias e/ ou realización de accións conxuntas de sensibilización, diálogo e intercambios con colectivos feministas no ámbito de PE e/ou EpD-CG.	2025 en diante	Entidades	- Sesións realizadas con organizacións feministas ao longo de cada ano - Número de colectivos feministas galegos e/ou de outros países que participan en accións de intercambio e/ou sensibilización. - Número de entidades do sector participantes nos espazos de diálogo

Liña Estratéxica 2. Avanzar cara a transversalización real da perspectiva de xénero en todos os ámbitos estratéxicos da política de cooperación				
COMPOÑENTES	ACCÍONS	TEMPOS	RESPONSABLES	INDICADORES
1.Creación de capacidades feministas políticas e técnicas	1.1.Plan formativo dirixido ao conxunto de actores, que permita: - avanzar nunha mesma comprensión do marco teórico e conceptual (sobre o que se constrúe a estratexia dual, a perspectiva de xénero, o apoderamento de mulleres, o enfoque feminista actual e as prioridades transversais); - a revisión dos instrumentos recollidos na liña 3 - recoller aportacións para a elaboración dun documento marco de referencia conceptual cara o próximo PD, que contribúa à uniformización do uso de conceptos, integralos adecuadamente nos instrumentos e seguir construíndo o enfoque feminista da cooperación galega para próximo PD	Xaneiro 2025 (calendarización) Execución do plan formativo ao longo de 2025 e, si necesario, amplíalo a 2026 Documento con aportacións para elaboración do marco de referencia conceptual (2026)	SXCE, CGONGD Universidades, socias locais (?) Grupo motor (para deseño do plan formativo)	Indicadores de proceso: - Número de entidades que participan no proceso formativo - Número de persoas do equipo da SXCE que participan Indicadores de resultado - Antes da convocatoria de 2026 o marco conceptual aplícase de forma adecuada nos diferentes instrumentos de xestión dos proxectos (fichas de baremación, bases, formulacións, etc.) - Antes da elaboración do VIPD (2026) cóntase cun documento de posicionamento elaborado que recolla un marco teórico e conceptual comprendido polo conxunto de entidades a definición dos principais conceptos usados nos instrumentos da política de cooperación
	1.2.Sesións formativas sobre antirracismo, interseccionalidade e descolonización da cooperación	2025: algunha acción puntual (a terminar de concretar cando se elabore o Plan Formativo A. 1.1.) Xaneiro 2026 calendarización de sesións e execución ao longo do 2026.	CGONGD lidera SXCE Socias locais Universidades	- Número de sesións formativas - Número de entidades que participan no proceso formativo - Número de persoas do equipo da SXCE que participan

COMPOÑENTES	ACCIÓNS	TEMPOS	RESPONSABLES	INDICADORES
	1.3.Sesiós formativas sobre temas relacionados a cambios de cultura organizacional (coidados, cultura patriarcal de traballo, política laboral feminista,...)	Unha vez se deseñe o plan formativo previsto na A.1.1, estudarase a posibilidade de facer algunha sesión de reflexión en 2025 Xaneiro 2025 (calendarización) 2026 implementación	Coordinadora ONGD (lidera), SXCE ⁷	- Número de sesións formativas - Número de entidades que participan no proceso formativo
	1.4. Planes de cambio organizacional pro-equidade (ou similar) ao interno das organizacións: - facer unha primeira sesión informativa ou xornadas sobre as implicacións, compoñentes e modalidades de traballo (pódese convidar a coordinadoras que xa pasaran por esta experiencia) - a partir da convocatoria de EpD-CG 2026 visibilizarase (en bases e guía) a posibilidade de facer este tipo de plans dentro desta modalidade de proxectos - para o próximo PD incluírase como factor de baremación das entidades galegas (en todas as modalidades de proxectos)	Definir datas das sesións formativas cando se deseñe o plan formativo da A.1.1 2025- 2026- sesións formativas Próximo PD- criterios baremación	CGONGD, Entidades, SXCE	- % de entidades que se presentan a proxectos, en calquera das modalidades (PE, AH ou EpD-CG), que inclúen accións ou están en proceso de realizar planes de cambio organizacional⁸ - Nº de entidades que inclúen nos proxectos accións de fortalecemento de capacidades feministas (este indicador permitirá medir ao longo do tempo se aumenta o número de organizacións comprometidas con estes cambios). - Criterios relativos ás entidades galegas revisados ao inicio das convocatorias do seguinte PD

⁷ Estudarase si se necesita un apoio complementario financeiro por parte da SXCE para a formación de OOAA

⁸ Non se trata de planes de igualdade que xa son obrigatorios por Lei, se non planes nos que se traballa a cultura organizacional de carácter “xenerizante”, os modelos de traballo patriarcal e cuestións relativas á transformación interna das organizacións de cara a gañar coherencia entre as declaracións políticas “feministas” e ás súas dinámicas internas.

	1.5. Elaborar un plan formativo sobre a integración da perspectiva de xénero interseccional en diferentes temáticas de interese das entidades galegas, priorizando inicialmente os sectores de especialización da Cooperación Galega (pesca, acuicultura e xestión de recursos hídricos)	2026-2027	SXCE, OOAA e CGONGD	- Plan formativo executado en 2027-2028
--	--	-----------	---------------------	---

COMPOÑENTES (QUÉ?)	ACCIÓNS (CÓMO?)	TEMPOS (CANDO?)	RESPONSABLES	INDICADORES E/OU MEDIDAS DE SEGUIMIENTO
2. Revisar os instrumentos que contan na actualidade con deficiencias en termos de incorporación e medición do enfoque de xénero e enfoque feminista (detectadas no diagnóstico)	2.1.Asegurar que toda a cadea de instrumentos integran directrices claras e conceptos adecuados para a transversalización de xénero: -Revisión de TdR para consultorias de avaliación ex-ante para todas as modalidades - Revisión de criterios de baremación para as diferentes modalidades e revisión de puntuación das transversais (e a de xénero en particular) No seu caso: - Revisión bases convocatorias - Revisión formularios diferentes modalidades -Revisión informes seguimento e finais -Revisar, en común acordo con outras administracións, fórmulas de computación de AOD que permitan un maior rigor na medición dos fondos destinados á igualdade de xénero e axenda feminista	TdR avaliación antes da convocatoria de 2025 2025 revisión da puntuación da transversal de xénero A revisión do resto de instrumentos despois de finalizar o plan formativo ⁹	SXCE, CGONGD OOAA participan nos criterios baremación como compoñente do plan formativo sobre marco teórico (?)	- Na convocatoria de 2025 xa se incluírán medidas específicas na elaboración do TdR das avaliacións ex-ante - No 2025 a transversalidade de xénero ten unha puntuación igual á do resto de transversais xuntas - Ao finalizar o VPD están revisados a totalidade de instrumentos - Nun prazo de 2 anos desde o inicio da folla de ruta, os proxectos cegos ao xénero serán excluídos

⁹ Recoméndase que se inclúa dentro do propio plan formativo A.1.1., como parte dos exercicios prácticos da propia formación, e que estas sesións sexan presenciais

COMPOÑENTES (QUÉ?)	ACCIÓNS (CÓMO?)	TEMPOS (CANDO?)	RESPONSABLES	INDICADORES E/OU MEDIDAS DE SEGUIMIENTO
	2.2.Realizar unha mesa /xornada para a construción de criterios de xénero. Estudar, entre outras cuestións, si os procesos de cambio organizacional e fortalecemento de capacidades feministas ao interno , tanto para as entidades galegas como para as organizacións socias poden incluírse como un factor de valoración (estudando igualmente outros posibles procesos de “escalabilidade”) Estudar de forma específica os criterios de baremación relacionados ao enfoque de apoderamento	2025 (incluído dentro do plan formativo A.1.1)	Entidades SXCE	- Revisados e en curso os criterios de baremación da transversal de xénero nos PE para a convocatoria 2025 e 2026 - Incluídos nos criterios de baremación factores de escalabilidade tanto en relación ás entidades, as súas socias, como dos proxectos - Nun prazo de 2 anos desde o inicio da folla de ruta, os proxectos cegos ao xénero quedarán excluídos, en cumprimento da Lei de Igualdade 7/2023
	2.3.Inclusión no proceso de selección de bolseiras a formación feminista e/ou de xénero (non excluínse)	2025	SXCE	- De 2025 en diante será baremado, na oferta de persoas bolseiras, ter estudos de xénero e/ou feministas para poder ser seleccionadas.
	2.4.Elaborar un documento que conteña o marco conceptual xerado entre a SXCE e as entidades que sirva de base para a elaboración do próximo PD e/ou adaptar á realidade galega o marco conceptual da Cooperación Española neste ámbito.	2026 (antes da elaboración do VIPD)	SXCE, CGONGD, OOAA	- Marco conceptual acordado antes da elaboración do VIPD

Liña Estratéxica 3. Promover a cultura de aprendizaxe, avaliación e rendición de contas desde un enfoque feminista				
COMPOÑENTES (QUÉ?)	ACCIÓN (CÓMO?)	TEMPOS (CANDO?)	RESPONSABLES	INDICADORES
1.Revisar e/ou crear novas modalidades de avaliación que permitan o fomento dunha cultura de aprendizaxe e rendición de contas seguindo un enfoque feminista	1.1.Estudar un modelo de avaliación construtiva desde un enfoque feminista e elaborar TdR específicos	2025- 2026	SXCE	- Antes da convocatoria de 2026 contarase cunha proposta para realización de avaliacións de proxectos desde un enfoque feminista
	1.2.Seleccionar 1 ou 2 proxectos para realización dunha avaliación e acompañamento con enfoque feminista a incluír no plan anual de avaliacións. Nota: recoméndase que sexan proxectos estratéxicos para as entidades ou que se enmarcan en procesos de longo prazo.	2025-2026	SXCE e entidades que se ofrezan	- Seleccionado e avaliado desde o enfoque feminista como mínimo 1 proxecto/s (en clave de proceso) no exterior, en común acordo entre unha entidade o consorcio de entidades, a socia local e a SXCE
	1.3.Socializar os resultados da/s avaliación/s co resto de entidades como parte do proceso de creación de capacidades feministas	2026	SXCE, entidade/s responsables dos proxectos e CGONGD	- Realizada unha sesión de socialización dos resultados da avaliación do proxecto.
2. Dotar de carácter participativo e formativo ao propio proceso de construción da política feminista	2.1.Sesión de auto avaliación, entre a SXCE e as entidades, sobre o proceso seguido na folla de ruta e os resultados conseguidos ¹⁰ , que permita extraer leccións e recomendacións para ser integradas no documento marco realizado previamente á VIPD	Previo á finalización do actual PD	SXCE, CGONGD, OOAA	- Número de entidades participantes - Número de persoas da SXCE que participan en el proceso

¹⁰ Usaranse os indicadores de seguimento determinados neste documento.

	2.2.Continuar participando en espazos intercomunitarios e estatais de coordinación e reflexión sobre a posta en marcha de políticas de cooperación feminista e temas intrinsecamente relacionados (desburocratización, descolonización da cooperación, etc.)	Aproveitar xanelas de oportunidade	SXCE, CGONGD	
--	--	------------------------------------	--------------	--

5. RECOMENDACIÓNS PARA A SXCE

A continuación sinálanse unha serie de recomendacións para seguir avanzando cara un modelo transformador de xénero e un enfoque feminista. Estas recomendacións ofrécense co propósito de garantir a apropiación e sustentabilidade do proceso realizado ata aquí e para ser estudadas cara a elaboración do próximo Plan Director.

- Para garantir a apropiación e sustentabilidade das liñas estratéxicas acordadas na presente folla de ruta e, dado que se optou por non facer un programa formativo a medida da SXCE nin tampouco se conta cunha estrutura de xénero ao interno da mesma, recoméndase que polo menos 3 persoas do equipo (**persoal fixo**) participen naquelas formacións máis estratéxicas que se vaian realizando durante a implementación da folla de ruta (por ex.: aquelas sobre as que se construírán os criterios de baremación; as avaliacións cualitativas de proxectos ou as sesións de auto avaliación da folla de ruta).
- Recoméndase que para o próximo PD se faga unha revisión das prioridades transversais, tendo en conta que varias das transversais actuais non contan con os compoñentes necesarios para ser consideradas como tal e mesmo poden entrar en conflito entre elas.
- Estudar a posibilidade de presentar a folla de ruta no Consello de Cooperación ou en espazos/procesos que promovan a importancia e apropiación do enfoque feminista na cooperación entre as entidades que conforman o sector (aínda con aquelas que non teñan participado na fase de diagnóstico ou de elaboración da folla de ruta), con vistas a que se vaia ampliando cara o próximo PD, podendo igualmente convidar ás estruturas que velan pola Lei de Igualdade e outros actores relevantes, si así se considera oportuno.
- Estudar a posibilidade de que durante a implementación do próximo PD se revisen os produtos comunicativos de cara a visibilizar mellor a política de cooperación galega entre os actores estatais de cooperación.
- Promover accións, xunto con outras administracións estatal e autonómicas, para mellorar o actual sistema de medición de fondos, fortalecendo a análise de xénero na xestión das finanzas públicas do sector da cooperación.

Finalmente cabe dicir que, se ben as liñas e accións propostas na presente folla de ruta pretenden marcar os pasos a seguir tan só nos próximos 2/3 anos, consideramos que son liñas estratéxicas que poderán seguir sendo centrais na estratexia de xénero e feminista a seguir no VIPD.

ANEXOS

ANEXO 1. RECOMENDACIÓNS XURDIDAS DO DIAGNÓSTICO PARA A CONSTRUCCIÓN DA FOLLA DE RUTA

ORZAMENTO:

Seguir axustando os mecanismos de financiamento ás necesidades detectadas no diagnóstico e ás prioridades desta folla de ruta que se elaborou de forma participativa. Nos puntos a seguir inclúense algunhas recomendacións que afectan a nivel orzamentario.

ESTRATEGIA:

. Para seguir as recomendacións da estratexia dual de Beijing +10 (GED), en consonancia co actual Plan Director, deberíase asegurar unha porcentaxe de orzamento para o apoio a organizacións feministas e organizacións de mulleres que promovan os dereitos das mulleres¹¹ (e que non necesariamente deban seguir o enfoque de igualdade, senón tamén outros feminismos situados -indíxena, popular, comunitario, ecofeminismo, ...) que permita aos actores da cooperación galega aprender das epistemoloxías dos países onde fan cooperación. Esta liña poderá servir así mesmo como mecanismo que asegure uns “mínimos” de cumprimento co enfoque feminista.

. Asegurar a real transversalización de xénero nos outros ámbitos do VPD, na cooperación directa e nos proxectos de EpD-CG (non só en PE e AH), incorporando mecanismos adecuados (ver Punto sobre Instrumentos)

. Incorporar medidas para avanzar na transformación de estruturas e cambio organizacional ao interno das entidades de forma a que o proceso sexa sostible no tempo

. Seguir abrindo espazos de debate ou participar nos existentes a nivel estatal sobre a construción do enfoque feminista da cooperación

. Crear medidas para avanzar coa integración da perspectiva de xénero nos ámbitos de especialización sobre pesca artesanal e acuicultura, así como na xestión de recursos hídricos que se traballa coa cooperación directa.

. Continuar apoiando programas singulares como o de Defensoras, Violencias en AH, ...

. Ao abeiro do VPD recoméndase a realización dunha estratexia de xénero e feminista no último ano do PD. Esta debería integrar os enfoques, detalles conceptuais, liñas de traballo (incluíndo revisión de procedementos, instrumentos, etc.), indicadores e orzamento e podería servir de base para o seguinte PD (pensando en termos de sustentabilidade)

INSTRUMENTOS OPERATIVOS E TÉCNICOS:

. Mellorar o sistema de seguimento, información e computación da AOD, en coordinación co resto de axentes da cooperación española. Doutro modo, nunca se saberá con certeza que porcentaxe de recursos se dedican á igualdade de xénero.

¹¹ Non todas as organizacións de mulleres que traballan pola protección e promoción dos seus dereitos se identifican como feministas. Este feito non debería importar para incluílas dentro desta liña de financiación. Sen embargo, tampouco todas as organizacións de mulleres traballan por este fin, algunhas incluso promoven os roles tradicionais de xénero xeradores de desigualdade nese contexto determinado. De ahí a importancia de que tanto as entidades como as baremacións dos proxectos teñan en conta os idearios das organizacións socias.

- . Desenvolver un tipo de ferramenta que permita saber que porcentaxe de orzamento dedícase aos diferentes temas (un sistema mais sofisticado que o uso de filtros en excel ou deseñar outro formato máis adecuado no mesmo excel)
- . Todos os instrumentos (bases, guías, formularios, etc.) deben dar detalles do que se entende por cada concepto, para axudar a non caer nunha visión simplista sobre “apoderamento, equidade de xénero, interseccionalidade ou enfoque feminista” ou caer nunha tendencia en que cada quen “interpreta os conceptos dunha forma”
- . Incorporar directrices claras en todos os formularios e informes de todos os ámbitos de actuación (PE, AH, EpD, convenios. Nas guías de AH e PE xa se recollen algunhas importantes.
- . Elaborar instrucións para valorar adecuadamente os méritos da entidade solicitante e socia, así como os proxectos. Mellorar o traballo de baremación tendo en conta as deficiencias identificadas no diagnóstico (TdR, selección consultorias, fichas).
- . Revisar a puntuación que se lle da á transversalidade de xénero nos proxectos. Ter en conta que non todas as transversais teñen as mesmas prioridades porque o nivel ou tipo de afectación son moi diferentes, ademais o feito de que os instrumentos inclúan un número tan alto de transversais (algunhas das cales poden limitar extraordinariamente a metodoloxía aplicada nos proxectos) pode repercutir no grao de eficacia e eficiencia dos proxectos, tal como se ven apuntando nalgunhas avaliacións.
- . En pleno século XXI a cooperación galega debe cuestionarse seriamente si se poden aprobar proxectos cegos ao xénero.
- . Igualmente, atendendo ao aliñamento con outras CCAA e coa política española de cooperación é necesario ir adoptando algunhas medidas propostas desde os espazos de reflexión onde se está a construír unha nova forma de facer cooperación: desburocratización, relacións horizontais, mecanismos de coordinación entre a SXCE e as entidades (e o Consello Galego de Cooperación), transparencia cara as organizacións dos países, descolonización dos procesos, ...

CAPACIDADES:

A) ENTIDADES

- . Abrir unha liña de financiación para o fortalecemento de capacidades feministas das entidades (tanto ao nivel interno como programático), personalizada, progresiva e que permita trazar unha estratexia de traballo (mínimo 2 fases por cuestións dos tempos de dedicación), podendo incluír tamén ás organizacións socias mais representativas. Por exemplo ESF (programa de longo prazo en Guatemala), por exemplo CETMAR no ámbito de pesca artesanal. Esta liña estaría en consonancia coa estratexia dual do enfoque GED (Beijing + 10 Modelo Transformador de Xénero) que fai incidencia no traballo de cultura organizacional e en liña con **L.A.5.3. do VPD. Apoiar a formación e a capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación** e coa **Lei de Igualdade 2023 Cap VIII**
- . Abrir espazos para seguir profundando no enfoque feminista, antirracista e decolonial da cooperación durante os anos que quedan de Plan Director, de forma a ter unha base máis consistente sobre este enfoque para o seguinte PD. Pode ser a través do convenio de fortalecemento da CGONGD
- . Aproveitar as visitas de defensoras, organizacións feministas que veñen nos proxectos e convenios de EpD -CG para abrir conversatorios coas entidades do sector (debería ser un compromiso a asumir por parte de todas as entidades).
- . Entre as accións de EpD-CG potenciar o traballo con colectivos de mulleres migrantes, movemento antirracista, feminista, decolonial (para ir abrindo vías cara a cooperación con enfoque feminista)
- . Aproveitar espazos estatais de debate (moitos xa rexistrados en liña), caixa de recursos, etc.

B) SXCE

- . Realizar un plan formativo ‘a medida’ para o equipo da SXCE, de forma a que podan dar mellor seguimento aos instrumentos e axentes de cooperación en materia de axendas e tendencias da cooperación, xénero, transversalización, análise de proxectos, ... Necesítase ir institucionalizando os temas de xénero na Subdirección para evitar posibles procesos de evaporación cando cambien as Direccións e tamén unificar conceptos relacionados ao xénero e aos feminismos entre o equipo.
- . Revisar o proceso de selección de persoas bolseiras demandando que teñan formación en xénero, igualdade ou feminismos. É importante que as persoas bolseiras que dalgunha maneira representan a cooperación galega nos países, estea ben formada en temas de xénero e feminismo

AVALIACIÓN, APRENDIZAXE RENDICIÓN DE CONTAS:

- Para avanzar na cultura de avaliación cumprindo cos criterios que marcan os documentos de política (L.A.5.4. **Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación. VPD**) é importante:
 - o Incorporar nos TdR das contratacións de servizos de avaliacións (ex-ante, ex-post, PD) as cuestións de xénero a ser avaliadas
 - o Seleccionar perfís que contén con formación e/ou experiencia demostrada
- Solicitar avaliacións específicas anuais de PE, EpT - CG e AH que poñan o foco na análise da integración da perspectiva de xénero e feminista, sen que necesariamente se teñan que analizar todos os criterios CAD. (Isto por exemplo está empezando a ser aplicado en algunha CCAA). Estas avaliacións deberían ter un carácter construtivo que sirva de instrumento de fortalecemento de capacidades.

Difusión do coñecemento e intercambio de aprendizaxes e boas prácticas:

- Promover espazos de coordinación e aprendizaxe conxunta, abrindo a posibilidade de aproveitar algún proxecto a disposición de estudo con carácter de aprendizaxe para outras organizacións (por ex. Avaliacións específicas sobre a perspectiva de xénero nalgún proxecto, contemplando sesións de devolución coa SXCE e coas entidades, con carácter formativo)
- Promover investigacións que favorezan a transversalidade
- Adaptar as porcentaxes dedicadas á avaliación nos proxectos aos prezos de mercado.

ANEXO 2. LISTADO ENTIDADES PARTICIPANTES

Subdirección Xeral de Cooperación Exterior-SXCE

Carolina Diz Otero

Ana María Arias.

Lorena Martínez Prieto

Miguel Gómez

ONGD

Sara García Mato- CGONGD

María Paz Gutiérrez – Solidariedade Internacional de Galicia

Gloria Parra Sánchez- Solidariedade Internacional de Galicia

Lorena Seijo Sanmiguel- AGARESO

Lara Medín López - ASF

Adrián Ferreiro Pérez- ASF

Clarisa Giamello- EDUCO

María Domínguez- INTERED

Susana Fernández Díaz- MPDL

Miriam Abeijón Villanueva – MANOS UNIDAS

María Poter Torres- MANOS UNIDAS

Alejandro Quiñoa Casteleiro – ACPP

Évora Barreiro Pereira- ACPP

María García Miguel- Fundación Vicente Ferrer

Marie Charlotte Bisson – Fundación Terra de Homes

Laura Casal Guillán- Amigas da Terra

María Corral Fernández- Taller de Solidariedade

Martina Páramos Rial – ESF Galicia

Sandra Lorenzo Casado – ESF

Denisse Cortinas Pérez- Rescate Internacional

OUTROS AXENTES

Guadalupe Martin Pardo- CETMAR (previo traballo con ANFACO)

Duarte F. Vidal- CETMAR

Esther Basanta Regodesebes- FUNDACIÓN MUJERES

ANEXO 3 . REFLEXIÓN E PREGUNTAS XERADORAS PARA OS DEBATES INTERNOS (SXCE, CGONGD, OOAA)

A continuación preséntanse unha serie de reflexións e preguntas que servirán para guiar o debate entre as entidades e entre estas e a SXCE.

Estas preguntas deben ser lidas á luz das recomendacións recollidas no *Informe de Resultados do Diagnóstico* ou no documento de *Presentación do Diagnóstico*. Sería ademais interesante que a propia SXCE e as entidades podan suxerir outras recomendacións.

Para este primeiro momento de debate cara a construción da folla de ruta, centrarémonos tan só naquelas recomendacións que poden xerar maiores “controversias”, mais é pertinente que se lean todas as recomendacións pos si fora o caso de que aquí se deixara algunha que podedes considerar tamén importante para ser debatida. A cuestión é que cando nos xuntemos para deseñar a folla de ruta, podamos avanzar de forma fluída e avanzar convenientemente.

Recoméndase igualmente ter en conta que as propostas que se fan non teñen porqué impulsarse necesariamente en paralelo, senón que á hora de facer a folla de ruta a 2/3 anos pódense realizar con carácter progresivo.

Por outro lado, partimos da premisa de que tanto a SXCE como as entidades están de acordo en avanzar seguindo a principal constatación obtida no diagnóstico, isto é:

- Pasar do Estadio 2 *Política Xénero Sensitiva* ou Propositiva ao Estadio 3 *Política Transformadora (Modelo Transformador de Xénero)*,
- *Abrir algunhas medidas complementarias para avanzar co enfoque feminista no que queda de VPD.*

Con todo, vale a pena que se deteñan en saber si están ou non de acordo neste punto de partida. Si a resposta é afirmativa, pasamos ás seguintes reflexións e cuestións *que as* estruturaremos en base aos diferentes ítem recollidos nas recomendacións.

RECOMENDACIÓNS RELATIVAS Á ESTRATEXIA:

O Modelo transformador de xénero require que a cooperación galega integre unha estratexia dual:

- ⇒ Abrir unha liña específica para o fortalecemento de organizacións feministas e de mulleres e para as súas axendas¹²
- ⇒ A transversalización **real e efectiva** da perspectiva de xénero na cooperación galega. O que implica: revisar o marco da política (incorporando en todos os ámbitos esta perspectiva e non só no Ámbito 3 ou nos PE ou AH e , consecuentemente, que os instrumentos velen para que isto se cumpra); e ter en conta o traballo ao interno das entidades, como forma de asegurar a sustentabilidade e como forma de ir “*feministizando*” ao sector, no sentido de que as entidades e a propia SXCE vaian gañando conciencia, capacidades e coherencia entre as políticas, as estruturas e as accións.

En relación á primeira cuestión, si temos en conta que fai varias décadas que as reivindicacións feministas sobre igualdade de xénero, dereitos humanos das mulleres e outras propostas transformadoras se colocaron nas axendas internacionais, pero que ata a actualidade son as organizacións feministas as que

¹² Algunhas destas axendas recóllense no actual Ámbito 3 do VPD, a diferenza radica que as actuacións inseridas neste ámbito poden estar realizadas por organizacións mixtas, sindicatos e/ou outro tipo de entidades, mentres que a proposta da estratexia dual refírese a abrir unha liña específica para organizacións feministas e de mulleres que traballan polos dereitos das mulleres.

tan só reciben o 0'13% da axuda oficial ao desenvolvemento e, aínda máis grave, só un 0'4% do total da AOD das iniciativas relacionadas a cuestións de xénero¹³, parece obvio que a principal cuestión que se coloca cando falamos, tanto dun modelo transformador de xénero como dunha política de cooperación con enfoque feminista, é colocar no centro da política o apoio ás organizacións feministas e colectivos de mulleres que, sen definirse como feministas, loitan polos seus dereitos.

As preguntas relacionadas a esta parte da estratexia dual sería:

¿Abrir unha **liña orzamentaria específica** sería o máis adecuado?.

- ☐ Si
- ☐ Non

En caso afirmativo:

- porcentaxe que consideramos adecuado
- considerase necesario ter algún instrumento específico para este tipo de proxectos (por exemplo: formulario específico adaptado a este tipo de propostas; mecanismo específico para aquelas defensoras que pola situación de risco non poden cumprir cos requisitos actuais, etc.?)

En caso negativo: ¿que medidas se propoñen para asegurar que o apoio a organizacións feministas e de mulleres está presente na política da cooperación galega para cumprir coa estratexia dual?

En relación á segunda cuestión da **transversalización real**, debemos ter en conta que si se opta por pasar ao estadio 3 do Modelo Transformador de Xénero, hai que considerar a transversalidade de xénero con rigorosidade. Isto implica avanzar neste primeiros anos fundamentalmente na revisión de instrumentos e no fortalecemento de capacidades tanto ao interno (cambio organizacional pro equidade ou formas de traballo non patriarcal, capacidades políticas) como ao externo (capacidades políticas e técnicas). Ademais para que isto sexa sostible, recoméndase que se faga con un carácter construtivo onde prime a aprendizaxe, pero sen por isto deixar de lado a rendición de contas. Lembra que a rendición de contas, neste estadio da política, é referida á necesidade de que as entidades que fan cooperación asuman un compromiso explícito cos dereitos das mulleres e das nenas e, por tanto, é a elas a quen hai que render contas a través das accións que se levan a cabo. Isto non significa que agora todas as entidades deban especializarse en temas de xénero ou que se convertan en organizacións feministas, senón que saiban integrar ben o enfoque de xénero nas súas accións e, para isto, a experiencia demostra que se debe traballar tamén ao interno porque do contrario as cuestións de xénero tenden a “evaporarse” ou a non dárselles importancia.

Para facilitar o debate sobre a transversalización, a proposta é que reflexionedes sobre as seguintes cuestións que estruturaremos en 3 bloques: instrumentos, capacidades e cultura de aprendizaxe e rendición de contas.

INSTRUMENTOS:

O actual Plan Director marca 7 transversais con características moi diferentes que incluso poden dar lugar a metodoloxías de traballo non compatibles (por exemplo loita contra a pobreza e fortalecemento da sociedade civil ou enfoque de dereitos). Tampouco todas se alían necesariamente co enfoque feminista que na actualidade promove o PD. Tendo isto en conta as cuestións para o debate son¹⁴:

¹³ AWID (2021) ¿Dónde está el dinero para las organizaciones feministas?

¹⁴ Estas cuestións non son incompatibles entre si, polo que se deberían responder todas. Ademais, aínda que só se da a opción de responder si ou non, no caso de que vexades outra alternativa por favor apuntádelas.

- a. *A transversalidade de xénero non debería contar cos mesmos criterios de baremación que outras cuestións transversais (enfoque de dereitos, loita contra a pobreza,...)*
- ☐ Si
- ☐ Non
- b. *A puntuación do enfoque de xénero debería ser máis alta (e tal vez para o seguinte PD poderíase estudar a posibilidade de prescindir dalgunha transversal)*
- ☐ Si
- ☐ Non
- c. *Deberían ser desestimados os proxectos cegos ao xénero ou polo contrario deberíanse buscar outras medidas que permitan a aquelas organizacións que aínda non fan nada ao respecto para que non se sintan prexudicadas, neste caso: cales poderían ser esas medidas)? (por exemplo: si a puntuación da transversalidade de xénero pasa a ser máis alta dentro dun ano e/ou pode invalidar a aprobación dun proxecto, tal vez as entidades que aínda non están facendo nada ao respecto se “preparen” para non quedar).*
- d. *Deberíanse valorar os méritos non só da entidade solicitante, se non tamén da socia (non necesariamente pedirllas que teñan políticas específicas, se non que demostren dalgunha maneira que contan con esta experiencia en proxectos anteriores e/ou algún tipo de compromiso específico para asumilo.*
- ☐ Si
- ☐ Non
- e. *Todos os instrumentos deberían incluír directrices claras que axuden ao deseño da transversalidade ao longo das diferentes fases de planificación (identificación, formulación, avaliación ex-ante, seguimento, avaliación).*
- ☐ Si
- ☐ Non

Outras recomendacións non recollidas aquí.

CAPACIDADES ENTIDADES

A principal recomendación suxerida no diagnóstico en termos de fortalecemento de capacidades que cabe debater entre as entidades e a SXCE é a seguinte:

- Abrir unha liña de financiamento para o fortalecemento de capacidades feministas (tanto a nivel interno como programático), personalizada (onde tamén puideran participar algunhas socias estratéxicas), progresiva e que permita trazar un plan de traballo individualizado ou adaptado á idiosincrasia da entidade. Que, ademais, por cuestións dos tempos de dedicación que se permitise estender durante 2 anos.

Sendo que para a SXCE o feito de que se abra esta posibilidade sería posible só no caso de “sacrificar” outras opcións, cabe que as entidades pensen que outras accións estarían dispostas a deixar de lado ou, por contra, propor/estudar outras modalidades coa SXCE antes da xornada para a construción da folla de ruta.

CULTURA DE APRENDIZAXE E RENDICIÓN DE CONTAS.

Pensar si estades de acordo con as seguintes propostas:

- Solicitar avaliacións específicas anuais de PE, EpT-CG e AH que poñan o foco na análise da integración do enfoque de xénero e feminista, sen que necesariamente se teñan que analizar todos os criterios CAD. Trataríase de avaliacións con carácter construtivo e podería ser considerado como un instrumento de fortalecemento de capacidades.
- Fomentar avaliacións de proxectos ou convenios desde unha perspectiva feminista e capitalizar o coñecemento abrindo espazos para compartir as aprendizaxes realizadas
- Adaptar as porcentaxes dedicadas as avaliacións aos prezos de mercado ou buscar fórmulas que permitan non facer necesariamente avaliacións de todos os proxectos pero si facer avaliacións estratéxicas de maior calado en proxectos con potencial para extraer aprendizaxes

En caso de que algunhas destas propostas foran do voso agrado: como imaxinades que debería ser isto: a SXCE escollería os proxectos de forma aleatoria, as entidades se propoñerían de forma voluntaria para facelo, ...?

MEDIDAS COMPLEMENTARIAS PARA AVANZAR CARA UN ENFOQUE FEMINISTA.

Tanto o feito de abrir unha liña específica para dar apoio a organizacións feministas e de mulleres (que non necesariamente traballen no marco da igualdade) como o de reforzar as capacidades políticas e técnicas ao interno das entidades, xa supoñen dúas medidas que implican avanzar cara este enfoque.

Dado que o marco temporal para a folla de ruta será de 2-3 anos ata que non se deseñe o novo PD , no caso de que avanzarades cos ítem anteriores sobre o modelo transformador de xénero, tal vez sería interesante non meter polo momento máis cousas, se non tan só abrir espazos de reflexión e formación conxunta sobre algúns dos temas que a día de hoxe considéranse centrais do enfoque feminista: o antirracismo, a interseccionalidade e a descolonización da cooperación.

E de aquí a 2 anos coas entidades máis fortalecidas, elaborar un posicionamento conxunto que sirva para indicar os pasos a seguir para o VI Plan Director.

Polo momento iso é todo.

Ánimo cos debates!